



ACTA Nº 2023/12

Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do Concello, mércores 26 de xullo de 2023

No día de hoxe, ás 09:05 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Victor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

D. Sergio Miñones Oanes

D. Manuel Pose Tomé

D.^a Beatriz Pazos Nimo

D.^a Josefa Campos Villar

BNG

D. Benjamín Queiro Pérez

GRUPO MIXTO-PP

D. José Manuel Rodríguez Blanco

AUSENCIAS:

BNG

D.^a María Lorena Suárez Pazos

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo con Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



D. Benjamín Queiro Pérez traslada a ausencia por viaxe da súa compañeira de grupo político.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación das actas das sesións celebradas o 17 e 26 de xuño e 12 de xullo de 2023.

2º. Ditame da proposta sobre aprobación da conta xeral do exercicio 2022.

3º. Ditame da proposta sobre aprobación do expediente de transferencia de crédito 2023/TC/11. Expte Tedec 2023/T002/000036.

4º. Ditame da proposta sobre aprobación do expediente de suplemento de crédito 2023/SC/01. Expte Tedec 2023/T002/000036.

5º. Proposta non ditaminada sobre aprobación do expediente de suplemento de crédito 2023/SC/01. Expte Tedec 2023/T002/000039.

B) Sección de control

6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

7º. Mocións de urxencia.

8º. Rogos e preguntas.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación das actas das sesións celebradas o 17 e 26 de xuño e 12 de xullo de 2023.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

Ao non manifestar ningunha observación sobre as mesmas, quedan aprobadas por unanimidade dos presentes, as actas das sesións celebradas o 17 e 26 de xuño e 12 de xullo de 2023.



2º. Ditame da proposta sobre aprobación da conta xeral do exercicio 2022

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o xoves día 20 de xullo de 2023, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre aprobación da conta xeral do exercicio 2022.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 17 de xullo de 2023, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA ACORDO PLENO

Asunto: Conta Xeral ano 2022

Exp tedec: 2023/T017/000001

Vista a providencia de Alcaldía do Concello de Vimianzo pola que se ordena incoar o expediente para a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2022.

Vista a confección da Conta Xeral por parte da Intervención Municipal que está integrada polos seguintes documentos:

- a) O Balance.
- b) A Conta do resultado económico-patrimonial.
- c) O estado de Liquidación do Orzamento.
- d) O de cambio do patrimonio neto.
- e) O estado de fluxos de efectivo.
- d) A Memoria.
- e) Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.
- f) Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local, referidos a fin de exercicio.

Publicada a Conta Xeral xunto co informe favorable da Comisión especial de Contas no Boletín oficial da Provincia de data 19 de xuño de 2023, e transcorrido o prazo establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, sen que se presentasen alegacións a mesma.

De conformidade co disposto no artigo 212 do Texto Refundido da lei de Facenda Locais, para a rendición anual de contas e balances, procede a elevarse a seguintes PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do ano 2022 que consta no expediente.

SEGUNDO. Remitir o Tribunal de Contas a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra, segundo o establecido no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria. e Sostibilidade Financeira, e demais normativa concordante, no Ministerio de Facenda.

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez"

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por cinco votos a favor do PSdeG-PSOE, unha abstención do Grupo Mixto-PP e ningún voto en contra, emite ditame favorable á proposta de acordo.”

Ninguén desexa facer constar nada.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por dez votos a favor do PsdeG-PSOE, dúas abstencións (1 BNG e 1 Grupo Mixto-PP) e ningún voto en contra, quedando por tanto aprobado o ditame.

3º. Ditame da proposta sobre aprobación do expediente de transferencia de crédito 2023/TC/11. Expte Tedec 2023/T002/000036

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o xoves día 20 de xullo de 2023, que se reproduce a continuación:

“2. Proposta de ditame sobre aprobación do expediente de transferencia de crédito 2023/TC/11. Expte Tedec 2023/T002/000036.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 17 de xullo de 2023, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO: TRANSFERENCIA DE CRÉDITO

	Expediente	
1	- Expedientes de Tedec - Expedientes nº	2023/T002/000036 2023/TC/11

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito suficiente no vixente Orzamento da Corporación e dado que se dispón de crédito noutras aplicacións do presuposto vixente para o ano 2021 prorrogado do ano 2019, faise preciso a modificación de créditos consistente nunha transferencia de crédito.

Visto o informe de Intervención, e de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldesa propón a adopción do seguinte acordo, que elevarase o Pleno previo informe da Comisión de Contas:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito **2023/TC/11**, modalidade transferencia de crédito, por importe total de **126.751,93 €**, co seguinte detalle:

- Aportación municipal que debe de facer o Concello para levar a cabo o investimento: OBRA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXETICA DO POLIDEPORTIVO DE VIMIANZO.

I. Aplicación orzamentaria cuxo crédito se minora na área de gasto 1:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
1532 21300	Pavimentación vías públicas maquinaria instalacións e utillaxe	9.000,00€
1532 21000	Pavimentación vías públicas Infraestruturas e bens naturais	39.000,00 €
161 22799	Abastecemento domiciliario de auga Outros traballos realizados	60.000,00 €
165 21000	Abastecemento domiciliario de auga Infraestruturas e bens naturais	18.751,93 €
TOTAL		126.751,93 €

II. Aplicación orzamentaria cuxo crédito se incrementa na área de gasto 3:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
342 61900	Instalacións deportivas outras Inve en reposición de infraestruturas	126.751,93 €
TOTAL		126.751,93 €

SEGUNDO.- Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez”

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo.”

O Interventor explica brevemente as aplicacións orzamentarias afectadas.

A Alcaldesa-Presidenta explica que é preciso facer aportación municipal xa que concederon subvención para proxecto de eficiencia enerxética no recinto deportivo, 140.000 euros, e unha parte debe ser de recursos propios,

D. José Manuel está dacordo, puidendo solicitar máis subvención noutro caso.

D. Benjamín Queiro dí que todo o que sexa aforro enerxético está ben.

A Alcaldesa-Presidenta comenta en línea con edil, que sempre hai que facer máis para satisfacer as necesidades do concello e asociacións deportivas e desde a Xunta de Galicia houbo axudas para novos pabellóns.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

4º. Dtíame da proposta sobre aprobación do expediente de suplemento de crédito 2023/SC/01. Expte Tedec 2023/T002/000036

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos o xoves día 20 de xullo de 2023, que se reproducue a continuación:

“3. Proposta de ditame sobre aprobación do expediente de suplemento de crédito 2023/SC/01

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 27 de febreiro de 2023, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Expediente	
1	- Expedientes de Tedec - Expedientes nº
	2023/T002/000036 2023/CE/01

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, faise preciso a modificación de créditos do Orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito financiado con maiores ingresos recadados sobre os totais inicialmente previstos no orzamento corrente.

Visto que o informe de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2023/CE/01, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con maiores ingresos recadados sobre os totais inicialmente previstos no orzamento corrente financiar os gastos seguintes:

- Aportación municipal o Fondo de compensación ambiental (conxunta Dumbría):
Investimentos para o medio ambiente 2023 nos concellos de Dumbría e Vimianzo
- Aportación municipal para a Subvención para creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais

(Consellería Presidencia, Xustiza e Deportes): Parque infantil no lugar de Carnés no Concello de Vimianzo.

- Reparación de subbase para arranxo do tramo de vía entre Baíñas e o Subeiro en Serramo no Concello de Vimianzo
- Aportación municipal o Plan de mellora de camiños rurais 2023-2024 (AGADER): Pavimentación do viario de Salto a Reboredo máis control calidade

ESTADO DE GASTOS

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO DE GASTOS	IMPORTE
172 62300	Protección e mellora do medio ambiente Maquinaria	8.247,66 €
171 62500	Parques e xardíns Mobiliario	14.520,00 €
453 61900	Estradas Outras Inv reposición infraestruturas	48.400,00 €
453 61900	Estradas Outras Inv reposición infraestruturas	18.493,83
TOTAL		89.661,49 €

ESTADO DE INGRESOS

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DESCRIPCIÓN	PREVISTO	RECAUDADO
113	I.B.I URBANA	972.300,00 €	1.318.720,75 €
TOTAL INGRESOS		972.300,00 €	1.318.720,75 €

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez"

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo."

A Alcaldesa-Presidenta explica en que consiste a ampliación de crédito que afectará á desbrozadora, parque infantil en Carnés; Carretera Subeiro-Baíñas e Pavimentación tramo cruce

de Tines ó Careixo financiados todos externamente, o último polo AGADER, sendo preciso o suplemento.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

5º. Proposta non ditaminada sobre aprobación do expediente de suplemento de crédito 2023/SC/01. Expte 2023/T002/000039

O secretario da Corporación dá conta da proposta da Alcaldía, de data 20 de xullo de 2023, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

1	Expediente Expedientes de Tedec Expedientes nº	2023/T002/000039 2023/SC/01
---	---	--------------------------------

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, faise preciso a modificación de créditos do Orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito financiado con maiores ingresos recadados sobre os totais inicialmente previstos no orzamento corrente.

Visto que o informe de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2023/SC/01, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con maiores ingresos recadados sobre os totais inicialmente previstos no orzamento corrente financiar os gastos seguintes:

- Aportación municipal a subvención concedida pola Xunta de Galicia para o acondicionamento de pista de adestramento e adquisición de material deportivo.

ESTADO DE GASTOS

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO DE GASTOS	IMPORTE
342 61900	Instalacións deportivas Outras Invr en reposición Infraestruturas	9.675,16 €
342 62300	Instalacións deportivas Maquinaria, Instalacións técnicas e utillaxe	1.846,96 €

TOTAL GASTOS	11.522,12 €
--------------	-------------

ESTADO DE INGRESOS

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DESCRIPCIÓN	PREVISTO	RECAUDADO
113	I.B.I URBANA	972.300,00 €	1.318.720,75 €
TOTAL INGRESOS		972.300,00 €	1.318.720,75 €

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez"

A Alcaldesa-Presidenta explica que non se puido introducir a tempo na convocatoria da comisión informativa correspondente xa que a concesión da subvención chegou unha vez feita ésta, e é preciso votar a inclusión para debate e votación por maioría simple dos presentes asesorada polo Secretario da Corporación.

Vótase a inclusión aprobada por UNANIMIDADE dos presentes.

Pásase ao debate do asunto.

A Alcaldesa-Presidenta comenta que se solicitou moitas veces a subvención co fin de facer unha pista de atletismo con medidas oficiais e que por fin se concedeu con dúas liñas, unha para material e outra para as instalacións.

D. Benjamín Queiro alegrese xa que hai máis cousas que o fútbol e se lle aclara que a actuación será na pista existente.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobada a proposta.

B) Sección de control

6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidenta.



O Secretario dé conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 20-04-2023 con número 559/2023 ata o día 20-07-2023 con número 1058/2023.

O Pleno do Concello douse por enterado.

7º. Mocións de urxencia.

7.1. Moción verbal para designación de festivos locais ano 2024

A alcaldesa explica que o luns, 24 de xullo de 2023, recibíuse o escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade no que se solicita que se remita antes do 1 de setembro de 2023, a proposta do Pleno coa designación dos festivos locais deste Concello para o ano 2024.

Indica que o próximo Pleno ordinaria correspondería o último mércores do mes de setembro e polo tanto non se cumpriría co prazo establecido.

Por este motivo propón as seguintes datas para a designación dos festivos locais do Concello de Vimianzo:

- 22 de xaneiro de 2024

- 12 de agosto de 2024.

Vótase a inclusión para debate e por unanimidade dos presentes votase a favor.

D. Benjamín Queiro comenta que estaba pensando no martes de entroido pero está ben así.

A Alcaldesa-Presidenta dí que sempre foi así salvo por coincidir festivo.

Sometida a votación da proposta, o Pleno do Concello, por once votos a favor (10 PsdeG-PSOE e 1 PP), unha abstención do BNG e ningún voto en contra, ACORDA:

PRIMEIRO.- Determinar como días festivos locais para o ano 2024 no termo municipal de Vimianzo os seguintes:

- 22 de xaneiro (San Vicente)

- 12 de agosto (festas de verán)

SEGUNDO. - Comunicar o presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade para o seu coñecemento e efectos oportunos.

8º. Rogos e preguntas.

D. José Manuel pregunta qué pasa co socavón que hai na carretera de Baíñas.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que é competencia da AXI, Xunta de Galicia e que o problema ven dunha tubería de formigón sen que sexa a nosa competencia e teñen que arreglalo eles.



Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 09:39 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz